

# A·ROSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Ademiración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 75

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

A CRUÑA IS DE NADAL DE 1918

## ANTE TODO GALEGOS

### A CONQUERIR A LIBERTADE

Hespaña é o único país da terra que, logo de tere un gran desastre, non soubo liquidal-o. O desastre do 98 non foi liquidado. E hoje, pois, somos desgovernados polos mesmos culpabres da derradeira decadencia hespñola. Siguen autuando na política os mesmos políticos e os fillos, netos e netas daqueles homes irresponsables. ¿Qué pode extrañar logo a ningúen que hoje Hespaña no senso político áchese, sin variación algúnhia, como no 98? Temos o que merecimos.

Os que nos levaron ao desastre colonial nos levaron mais tarde aos desastres d'Africa, ás vergonzas da neutralidade cando a guerra agora romatada, na que o único país vencido por Alemania, foi Hespaña. Os hespñoles non negaron ningún sacrificio económico aos gobernantes endexamais: sin embargo, inda hoje, c'un presuposto de gastos enormísimo, c'un déficit abafante, nin temos insino, nin exército, nin mariña, nin justicia, nin nada... Só hai cacicazgos, monopolios, empresas particulares abogadas por políticos que ao gobernaren, teñen, por forza, que pórse ao márgen do interés público.

¿E non chegou a hora do troque de régimen? E son os patriotas os que queren que siga iste régimen que rolou ja ate á derradeira podredume? Pois si esos son os patriotas, nosoutros somos antipatriotas resoltos. Cando s'afunde unha casa ou s'acha pragada por todolos virus de todalas doenças más porcas, teñaselle ou non lei, e perciso abandoala e fuxir dela.

Galegos ante todo, queremos salvarnos e salvar a Galicia. Temos que tallar as amarras polas que as ratas da miserabre decadencia, queren invadir o navio das nosas libertades e dos nosos direitos. Custe o que custe, hai que facer da fouce interrogante unha afirmación categórica.

Inda existían parvos que agardaban causa boa de Maura e Romanones? Maura e un vello político fracasado: e o enimigo dos idiomas ibéricos; o que aganchou

pol-a caciquería a presidencia da Academia da Lingua; o que amargou, cobizoso de medro, a vellez de Sagasta; o que fixo unhas reformas pra Cuba negadoras da soberanía cubana; o que fixo un proiecto d'administración local, feramente reaccionario; o que nega a cotío a sua raza; o que perdicando honradez política, ten no seu partido grandes caciques noxentos; o que sofreu do régimen desprezos homildemente, o que nos levou ao barranco do Lobo; o que se retira da vida política pra voltar a ela; o que vive com o peixe na auga, na lameira abafada d'este régimen tuberculoso. Un dos maiores culpabres da inexistenza d'Hespaña. O triste Narciso das frases valdeiras. O que chorou cómicamente como muller o que non soubo facer como estadista; o que ten a Romanones por Verónica.

¿E Romanones? O homúnculo fisicamente estigmatizado, o cacique desenvolto e cinico, a zancadilla n'aución, o amigo dos perseguidores do médico do Pobo, o político á moderna que inda fai dous anos dixo, contestándolle a Cambó que no Parlamento hespñol non era lícito falar d'autonomía... García Prieto ¡malpocadiño! Alba, cacique dos escravos de Castela, analfabeto en custiós da Facenda.

O régimen fracasado apura a colilla do centralismo. Non quere para Hespaña a estructura lógica, propia dos grandes Estados d'Europa e América, á que chama anticuada. Pois afundirse o régimen, pol-a sua culpa.

\*\*

Deixaivos d'estadísticas e de argumentos. Non haja más que este dilema: ¿Teñen ou non direito os povos á sua libertade? Cataluña e Euskadi, reclaman a sua. Galicia tamén. E neste pleito non son, non poden seren os organismos oficiais fillos do vello régimen os que deben opinaren. Soamente terá de pesar a opinión dos que sempre viviron contra do régimen e dos

que sinten a libertade de Galicia por riba de todo. Só a vontá galega pura fica neles. Os mais viviron e defenderon a escravidão, e os escravos non teñen voto até despois de chegada a hora da sua redención.

Non se fale tampouco mais de si Galicia está ou non capacitada para a autonomía. Escrava non pode estalo. Porque entre escravos non poden exercitarse direitos propios dos seres libres; porque sin libertade previa as probas de capacitación son absurdas. Probado como está que Galicia lle non debe a Hespaña nada, se non é as oligarquías qu'a asovallan e abafan; probado como está que Galicia reune cal ningunha outra nazón peninsular todalas condicións percisadas para poder vivire independente; probada e reconocida universalmente a nosa maior afinidade de raza con Portugal que cos mais pobos ibéricos, non darnos a libertad é contradecir os principios trunfales na loita sanguinenta que acaba de sofril-o mundo civilizado; é facer do noso pleito, un serio pleito internacional.

Os nazonalistas galegos, teñen un programa democrático e moderno, que já conocen todolos cuneiros parlamentarios; os nazonalistas galegos veñen relacionándose coa gloriosa irmá Lusitania, veñen sembrando unha cultura propia, os nazonalistas galegos que já intentaron aproxiaciós c'os partidos afins—bentando o momento crítico d'agora—hoje, borran do a verba fracaso do seu dicionario, chaman a todos cantos amen a libertade e queiran conquerir a sua libertade e a libertade dos seus fillos, para impor a vontá do pobo e esnaquizar as oligarquías miserabres que asovallan a terra.

Non é hora d'espréndidos illamentos estériles. Terán de seren responsabres do que soceda, os que coma nós có corazón na man, novos na hora nova, esquecidos de tod'o pretérito, non ajuden en corpo e alma a grande obra. Todos uns até resoller o problema único do momento. Non haxa mais enimigos entre nós, que os enimigos da libertade.

¡Viva a dignidá catalana! ¡Viva a mestra Cataluña! ¡A apelarmos a todo, incruso á perda da nosa libertade individual, para

que surda a liberdade colectiva da Galicia! A nosa causa é compatiblre coas ideas mais extremas.

## OS ESCRAVOS

A "Voz de Galicia," logo de ter defendido ás oligarquias de Castela e León, por culpa das que vive asovallada a economía galega, di: "inda contando conque todolos ciñadans dunha rexión coincidisen no desejo de liberdade colectiva, non debería atendérselle."

E xa "Voz," defendeu aos aliados? ¿E os aliados non defendian o principio da liberdade das nazonalidades naturás?

¿Que é iso de que as rexións desenvolvérionse gracias a unidade? Gracias a unidade de progresou esa vila sin ouxeto que se chama Madrid. Pero pol-a unidade australista e bárbara, Galicia fica no atraso, como serva de Castela e León.

Si se volvera a prantear hoxe o problema de Cuba, voltariámos ao desastre do 98.

\*\*

O Sr. Linares Rivas, iste homiño sin personalidade propia, que escribe en castelán e copia do francés malamente, pidiulle ao Sr. Salvatella que gobernase en castelán. ¿Qué clas d' alma terá o Linares fillo espiritual de Benavente?

\*\*

A Junta da Juventude Española de Propaganda Patriótica que, polo visto, reside en Santiago, dirixiuille ao "Círculo Mercantil," de Madrid, iste telegrama:

"Felicitamos labor frente odioso programa catalanista por entender que concesión autonomía integral significaría reconocimiento personalidad nacional."

(Non traducimos ao galego as liñas agora lidas por non deshonrar o noso idioma.)

O fondo d'esa parvada patrioteira quer dicir: Non queremos ser libres. Odiámos e rechazamos a posibilidade da nosa liberdade.

Mas ¿qué erase de Juventude Española etcétera, é esa que en Compostela áchase orgaizada? ¿Catro inconscientes?

Hai cousas que fan rir denantes que nada.

¡Juventude de sapos, a lameira! Eres a cursilería, o valeiro d'ideás, a negación do sentimento; unhos xionllos, un estómago e unha percha pra pendurar roupa. A tua alma vai uniformada con babeiro que logo poderá trocarse en libreia...

Pero non te tomamos en serio ¡malpocadiña! Cando sexas libre por obra dos "bos

e xenerosos", entón inda sintirás a saudade da escravitu e intentarás beixarnos as máus.

¡Pobres inconscientes que sin saber o que facedes axudais a Sacristán e outros moitos labercos do centralismo que peitan polo óso que lles sargan os caciques, mentras a clás obreira madrileña, os republicanos, os reformistas e tod'a xente libre d'aló protesta contra a mascarada africán do "Círculo Mercantil," sociedá de bailes e farándulas e xogos!

¡Pobres inconscientes cuia maior satisfacción consistiría en ter un posto na táboa onde xantaron xuntos Riestra, Besada, Buggal e Vicente Pérez fai poucas datas sin que disgraciadamente ninguén dixerá "bomba vai," con o sin música do "Perro chico"!...

\*\*

Escravos tamén, inconscientes tamén son todos ises señores de diversas poboacions gallegas que por meio dos correspondentes da "Voz," deron a sua opinión sobre autonomía. Impórtalles o pantasma da unidade hispana; lles non importa a unidade real de Galicia; impórtalles o económico, lles non importa o espiritual. Son fenicios ou cartagineses nos que non latexa alcesa a mais miuda idealidade.

Para eles ven axeitada a frase sanguinaria de "Clarín": "Menos beocia e más Atenas."

## O NOSO CONCURSO

Por elixencias d'espazo e d'autualidade vimos aprazando a publicación dos traballos presentados ó concurso aberto n'istas columnas. Deixa-la por mais tempo sería xa imperdoable, fique, pol-o mesmo, feita d'unha vez, e que leitores e concursantes selpan otorgárennos a sua indulxencia por unha demora de que, até certo punto, ninguén tivo a culpa.

Os traballos recibidos foron os que a continuación van, e que rós clasificáronos en tres grupos atendendo ás suas características.

*Primer grupo. Obras representables.*—Mirand'o pasado (mitólogo en verso); lema: Respetemol-as tradicións. Plueiras o gallardo (sainete en dous autos, en prosa); lema: Rachade, mordede, ride, etc. Enredos (comedia en dous autos, en prosa); lema: Un grao de area. A pita cega (entremés en un auto, en prosa); lema: terra a nosa. Funguerío (comedia en tres autos, en prosa); lema: Meus amores. Unha xira a Sada (revista pasatempo, en un auto, en prosa); lema: Eu. O xuramento (comedia); sin lema.

*Segundo grupo. Novelas.*—Lonxe da terra; lema: Na fronte unha estrela—No bico un cautar. O melro, lema: Bagoas. A campana de cristal; lema: Audurifia. Baixo os pinos; lema: Pondal. O Fidalgo de oute; lema: Gilo negro. Lonxe da Pátrexa; lema: Gallego e solo gallego. Anacos de raza; lema: Corazonclío. O disputado por Vetramar; lema: Breogán.

*Terceiro grupo. Poesías.*—A vnganza do mar; lema: A filla do Val da Pedra Rubia. O lugar dos meus abós; sin lema. Feixe de poesías; sin lema. Un melro branco; lema: Uu

melro canta no outeiro. A devesa encantada; sin lema. A Galicia; sin lema. Rosalía Castro; lema: Iria Flavia. O que son e han de ser os galegos; lema: De calquer maneira etc. Sabela; lema: Mais val páxaro na man...

O xurado do concurso está composto polos siguientes súfiros: Don Florencio Vaamonde, don Victorino Velga, don Bernardido Varela, don Fernando Ossorio, don Xoan Viqueira, don Xalme Quintanilla, don Victoriano Talbo e o director d'A NOSA TERRA don Ramón Villar Ponte.

Moi axiña téñese de faguere o fallo, toda vez que a maioría das obras presentadas foron xildas polos ditos súfiros.

Os premios a otorgárese son os que siguen: Un de 100 pesetas pra o mellor traballo en prosa; outro de 50 pesetas pra a mellor composición poética e dous accésits.

## O partido obrero diante do

### problema da autonomía

Por consideralo de interés, reproducimos do xornal *El Socialista de Madrid*, o siguiente artigo que ven a sintetizare, de xeito elocuente, o pensar da extrema esquerda española no asunto, hoxe tan discutido, da autonomía. Diéslí o aludido artigo:

"Fai unhas días, nada más, o Congreso do noso Partido determinou ben concretamente a nosa altitude frente das aspiracións catalanas, suscritindo con un quente e unánime aprobado as ambiéntas as seguintes verbas do compadre Besteiro, cando discutiuse a autonomía dos Concellos, e por incidencia, o problema das nazonalidades.

A solución d'iste problema—decía Besteiro—necessita un conocemento previo do que é nazonalidade, difrenzándose completamente do que representan os Estados de carauter político, que pra subsistiren necesitaron o establecemento de fronteiras artificiais e a creazon de aduanas i-exércitos, en perxuízo dos propios habitantes de cada país, e con cuias institucións fomentáronse e perpetuáronse as xenreiras e as rivalidades entre os diferentes pobos do mundo e ainda entre aqueles de unha mesma raza e de idénticas afinidades de todo orde.

Nin Marx nin Engels desconoceron o feito evidéntisimo da existencia das nazonalidades que recabaron o dereito a gobernárense por si propias, por tanto xa afirmaron como ausurda a composición do imperio austriaco, xuntanza de razas diferentes, con peculiaridades moi opostas, que formaban un mosaico de pezas tan heteroxéneas como diferentes eran as nazonalidades sometidas ó dominio arbitrario da dinastía imperial de Austria.

Dentro da nosa propia península non podemos desconocer a convivenza de rexións que teñen unha personalidade carauterística e moi difrenzadas unhas das outras. Eslí os vascos, os cataláns, os andaluces e os galegos, istes derradeiros unidos con más intima afinidade de raza ó pobo portugués que ó resto das rexións de España.

O noso internacionalismo de socialistas non pode conducirnos insensatamente ó afán imperialista como españoles de dominar pobos que teñían unha personalidade robusta e ben destacada e arelan gobernárense por si propios, sin tutelas que estiman incomenentes e que demostran non necesitare.

Tampouco, en tanto ó idioma, exxergemos nosoutros que se debe impôr a ningunha rexión o emprego obrigado d'unha lingua oficial determinada, por moi prestixiosa que ista sexa; que cada pobo poida falare n'aquele idioma que mellor espresen os seus sentimientos e as suas necesidades, sin imposizons do Poder central, que polo violentas resultan odiosas, e sin que poidamos sentir o temor de que a cultura universal perda en intensidade ó espallarese entre os pobos.

O noso ideal de socialistas ten un criterio amplio pr'a soluzón d'istes problemas, que non poden retrasaren nin entorpecer a marcha ascendente e trunfal das afirmazóns do Socialismo científico e revolucionario.

Iste criterio, que s'hacha inspirado nas esenzas das nossas doutrinas, lévanos a suscibirre por enteiro. (O xornal de que copiamos reñise n'istes líñas a un artigo de *El País*, publicado a propósito da manifestación do Círculo da Unión Mercantil de Madrid) o xurdio artigo publicado polo noso colega *El País*.

Certo, certísimo o xusto, que o noso colega merece ese Círculo da Unión Mercantil, caverne de beocios, antiprogresivo e antieconómico en todos os órdes, da vida política i-económica, onde alcontran asilo os vellos costumes dos bailes carnavelescos e onde se conserva a antiquísima concepción da función do comercio: roubare i-engañare o consumidor; abusar do creto dos demás e negar o seu a todo o mundo; ignorar os lugares e meios de producción; desatendel-o estudo dos costes de transporte; aceitar a imposición dos abastecedores, lembarcar e desvalixar o cliente qu'a atraveso ou limiar.

Tal é na sua maioría o comercio madrileño ou a maioría dos comerciantes que elixen de persistente a esa *lumbreira* economista e fiandiera, en constante fracaso, que se chama o señor Sacristán, iniciador de todas estas actividades políticas en que se ven honorando o Círculo.

Persentado está ás Cortes o proleuto de elevación das tarifas ferroviarias, e ainda non se anunciou no Círculo da Unión Mercantil ningún auto de protesta contra de tal proleuto.

Mais pra salvar a unha parte do comercio madrileño da marca de estulticia con que o señor Sacristán quer ferralo, convén lembrar a altitude ben diferente da Federación Gremial Española, dirixida por unhos cantes comerciantes e industriales madrileños..

### As camarillas de comercio

Hai unhas páginas vergonhosas na nosa Historia. Aquelas nas que os procuradores de Zamora falan por Galicia nas Cortes, levando a

nosa voz, como si nós fósemos escravos sin direito a deixarnos ouvir.

Inda que noutro senso, Galicia sigue agora sin ter unha voz propia nas Cortes.

Mais non é isto o plor.

A Cámara de Comercio, da Crux, da chamada capital de Galicia, acaba de dar unha nota oficiosa resúme do tratado nela sobre a autonomía. E é unha nota equilibrada, sin releve, máscara dunha triste verdade.

A sesión da Cámara onde s'acordou aquela nota foi exemplar. Os comerciantes castelás tiveron maioría sobre os comerciantes galegos. A Cámara de Comercio da capital de Galicia resulta así unha cámara castelana que, por delicadeza, tería que absterse de dar opinión algúna no pleito autonómico. ¿Ou siguiremos tolerando que, como antano Zimora, agora Castela siga falando por nós? ¿Somos nós tan pobres d'espirito, chegamos já a un grau de decadencia tan fonda e tan noxenta, que, ante istos feitos, reveladores da nosa escravidume espiritual, económica, social e de todos os órdes, poidamos cruzámonos de brazos?

Já é ridículo que as Cámaras de Comercio, organismos artificiosos, con totolos defectos do que ten senso oficial, que nunca interviven na política, como non fose caciquíllamente, e

nunca traballaron fondamente por nada desinteresado e idealista, vesan agora a actuaren nun pleito de libertade colectiva. Pero o que resulta intolerable é que a soma dunha Cámara con marchamo galego poidan facer trinchera defensiva e ofensiva unhas maiores castelás que viven de nós, desprezando o noso espírito.

Mais non é a culpa d'estes señores castelás. Porque eles ollan tanto moitos galegos e principalmente os que ocupan postos de relevancia, como figurós, testen d'escravos, e aproveltanse do caso.

Si o vicepresidente da Comisión provincial d'Ourense, Augusto Trincado, cacique e servo de caciques, di que os galegos "deben pôrse de conformidade co espírito que anima as concursiós da Asamblea de Diputaciós feita en Burgos, e a Voz de Galicia, jornal desprido astorgán publica e fainas suas as concursiós das Diputaciós de Castela e do Círculo Mercantil de Madrid, ¿cómo os castelás da Cámara de Comercio da Crux terían que ser mais pacifistas que o papa?

Nunca coldamos que houbese tanto espírito sin espritoalidade, tanta incultura e tanta cobardía cívica e tanta inconsciencia e tanto veneno caciquíll com'o que hai na nosa Terra.

## REVISANDO VALORES

### DISCURSOS A NAZÓN GALEGA

Con este título teño feito un feixe d'artigos que axiña imprentarei nun libriño, chamado, non a conquerir soa, senón a sugerir aos nazionalistas da miña patria ideas que eles logo con mais grito e autoridade desenrolarán cumplidamente. Coido chegado o momento de que o pensamento do galeguismo novecentista, se concrete en síntesis afirmadoras fillas do análisis que dende fai dous longos anos vimos realizando os «bos e generosos».

O título do meu libriño, como vedes, e igual ao da obra renomeada de Fithe. Néle también se chega ao «eu» através d'ostáculos e loitas. E néle os discursos asimismo son moitos inda que non cheguen aos corenta do filósofo alemán.

Pois do tal libriño inédito polo d'agora, extraio algunas apontacións, desartigandoas do conjunto, para facer iste traballo d'autualidade.

Larra preguntara: ¿ond'está España? Azorín, nun jantar c'o que agasallaron fai pouco tempo os intelectuás da chamada «generación do 98», dixerá que aquela pregunta de Larra ficaba sin contestar ainda. José Ortega y Gasset manifestou que España é somente unha abstracción. E todos os grandes oradores e pensadores que tomaran partido naquela información do Ateneo de Madrid sobre «Oligarquía e caciúismo» viñeron a opinalo mesmo,

despois de teren sido moitos deles gobernantes. ¿Pódese, endeben, falar d'outra unidade hispana que non seja a que representan as oligarquías fillas do régimen centralista — contando os monopolios —, pois esa unidade si que ten existencia positivamente? ¿E d'esa unidade non somos todos separatistas; todos, agás os que sugan déla?

España é Castela, mais Extremadura, mais Andalucía, mais Valencia, mais Euskadi, mais Galicia, mais Cantabria, mais Asturias, mais Cataluña, mais Aragón. Menos Castela, menos Extremadura, menos Andalucía, menos Valencia, menos Euskadi, menos Galicia, menos Cantabria, menos Asturias, menos Cataluña, menos Aragón, non é nada. Cada rexión é unha cousa en si. España en si fica coma cousa valdeira. Cada rexión será sempre, con ou sin España: independente ou sometida a outro Estado. Vive, pois, fora da realidade, nega todalas leis do sentimento, e todos os fenómenos do meio, da raza, do ambiente, pónense en contra do senso científico e filosófico universal, n'aberta pugna consigo mesmo, pasando d'home natureza a home titere — como diría Goethe — que afirme sere español denantes que galego, catalán, vasco, andaluz, etc. Quen iso afirme, non tendo acordado endexamais o seu interior c'o seu exterior, carece de cultura propia: inda que sepa moitas cousas. Ca-

miñará sin brújula espiritoal pol-a vida; ficará sendo un cativeiro cidadán.

Escindida unha rexión natural terá que haber sempre problema irredentista. Escindido un Estado pode habelo ou non. Portugal vive vontariamente arredado d'Hespaña. Pesi-o fronteirismo doutras terrás, somente ante portugueses e galegos ofércese unha afinidade eleitiva en potenza. E cando Galicia tivese unha forte cultura propia, esa afinidade chegaría—e chegará a unha aperta eterna. Adiantada hoje Galicia, coma Cataluña, ningún problema mais serio para Hespaña que o galego. A nosa lingua é o camiño d'ouro da nosa redenzón e do noso progreso: sin a lingua morreremos coma pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal. Si o galego quer ser mais que habitante dun territorio, si quere ser un fautor d'universalidade e de cosmopolitismo, somente co emprego da lingua propia, obra da natureza, podera sélo. Arrenegando da lingua terá d'avergonxarse sempre de si mesmo, condanado a buscar nun disfraz de maior esforzo o ocultamento da sua espontaneidade, que, como demostra a filología, é decote filla da lei do menor esforzo. Creando valores na lingua propia, agaña seremos universaes, pondonos en geito de formarmos unha gran nazón de régimen dual coa Lusitania.

¿Qué as regiós ibéricas son fillas d'Hespaña? Todolos cursis (antr'eles Maura e Alcalá Zamora) ceiban iste tópico, coidando un argumento a metáfora. Pois ben, n'é perciso gastar o miolo para afirmarmos que esa abstracción chamada Hespaña, é filla das regiós. Primeiro foron as regiós que Hespaña.

¿Qué lle debe Galicia a Hespaña? Como non seja o caciquismo bárbaro que nos asovallo, o non sabemos. E s'algún hai que o seipa que nol-o diga, inda que seja con música de Valverde, Chueca ou Serrano. Faigase, faigase cada galego ista pregunta e contéstia na intimidade da sua concencia. E a pergunta mais lumiosa.

¿Qué sería en troques Galicia de non terse feito a unidade hespñola ou de chegar inda hoje a formar con Portugal unha nazonalidade? Cabeza geográfica da Lusitania, os seus portos de Vigo e a Cruxña, pola adiantada posición atlántica, serían mais importantes que Porto e Lisboa. Portos relacionados con todalas colonias portuguesas e nazós americanas de fala portuguesa e tamén con Norteamérica e demás Repúblicas do novo continente, Ferrol, entón resultaría a gran fautoria d'industrias navás que Hespaña desprecio. E Galicia asín, en pleno desenrollo dos seus valores materiais e do seu espírito na propia lingua, non sería aldraxada com'o foi decote dend'o século XV polo castelanismo hegemónico.

¿Incondicionaes d'Hespaña? A incondicionalidade é escravitu. A incondicionali-

dade inda non se da no senso natural para que poida dárese no senso político. Condisional é o mais respetabre da vida: a relación entre pais e fillos, dentro da familia. ¿Cómo poden existir parvos que falen da santa incondicionalidade a un Estado, sempre cousa artificiosa e mudatre.

¡Oh, o económico! Para todolos galegos sin senso propio ou servos do centralismo que agora falan d'autonomía, o económico é o importante. E as xentes caciquis da banda de Vigo, principalmente, ao falaren do económico poñen os ollos en branco, coidándose seres superiores porque son prácticos. ¡Pobres sepulcros branqueados! ¡Pobres analfabetos do idealismo! Pero ¿existe o económico en si? ¿Existe o económico mais que coma meio? A industria e o comercio son outra cousa que organizáis do material para as facilidades da vida material. ¿Podese fundar unha aristocracia no económico? O vulgar fabricante de Champagne, por citar un exemplo, que valor tería si o mundanismo frívolo non tivese poetizado o licor escumoso? O económico é vagón de cárrega que arrasta a locomotora do idealismo. A teoría, filla da especulación, e denantes que a práctica. Colón, un tolo, un ideólogo, é copartícipe de todolos negócios materiais relacionados con América. E Colón non tiña nocións d'economía. O idealismo, único impulsor da vida dos pobos, fica por riba das leises da oferta e da demanda. O económico, somente concibese coma meio para fins espirituais. E un concepto limitado. Cando comer, beber e visitar, sejam ideaes e non necesidáis zoológicas, terán razón os da economía a secas. Namentras isto non ocurra, beilarán non son do pandeiro idealista. Queiran ou non.

A. VILLAR PONTE.

No número próximo diste boletín, publicaremos novas consideracións nazionalistas, entr'ellas a relativa ao concepto de Patria, tan trabucado polas gentes que viven de tópicos.

#### A-CUSTIÓN LATEXANTE

## VERBAS E CONSIDERAZÓNS

Noxo, xenreira, vergofía da persenciar-o que actualmente ven pasando co prelto autonomista. Os tempos mouros do 98 parece que tornaron. As mesmas farsadas patrióticas; os mesmos berros españollistas; idénticos anatemas e análogas condenazóns. Nada se adeprendeu dende estóces. Clás agora estemos peor. A loltz cruenta e singular que conmoveu o mundo, revolucionando e trastornando, nin-gunha cras de infuencia exercen sober dos españoliellos o uso. Mais, quelran ou non, o influxo dos sucesos mundiales ten de repercutir, seria e fondamente, n'ista Espanha inútil, até o de agora, pra todo o que non fora vivir morrendo. Non todalas fenestras do casal ibérico atopan pechadas a cal e canto pra

fitare a Europa. Cataluña aberta está a todalas correntes e, dende ela, chegan até o centro, até os irtos páramos da Meseta os ars renovadores que en si levan os xermens palinxeños. E con Cataluña e segundo o exemplo de Cataluña, Galicia, Euskadi e as demás terras ibéricas da periferia, pónense a tono co actual momento histórico de liberdade, apístanse a conqueriren aquela vida libre de tutorias humillantes e de hexemonías que denigran, á que por tantos motivos tifien dereito. Os tempos de ausurdo imperialismo fiaron xa. As más oitás representacións mundiales de tal sistema de opresión, deron en terra esnaquizadas e maltretas. E si isto lle sucedeu ó imperialismo forte, atelgados de potencialidade que ó fin e ó cabo representaban unha força decisiva e unha razón de existencia ¿qué non ten de sucederle ó imperialismo bufo, grotesco, verdadeiro imperialismo pour rire, que nas terras do centro pertende afirmare a sua existencia? Berre que berre, pols, o actual Estado ó xeito castelán, o Estado en que unhas nazionalidades vivas vefien sendo obrigadas a sostel-a cárrega inútil d'unha ex-nazionalidade, na que a única vitalidade existente é a das oligarquías incallificables, ese Estado ou ficción de Estado ten de desaparecer. E frente á unidade da morte representada por Castela, polo seu uniformismo matador e asoballante, erguerase a variedade viva, atelgada de enerxías, do Estado multiforme, vertebrado, prenamente europeo, que a liberazón compreta de todalas nazionalidades peninsulares, ten de traguer consigo.

Decian os representantes castelanos na sua xuntanza de Burgos que once provincias se reunirían pra continual-a historia de Espanha —Orah a lembranza noxenta d'aquel gran laberco a quem corresponde a paternidade da frase!— Pois ben, frente a esa afirmación baleira como saída de quem saliu, debe opórtase ista outra afirmación rotunda e decisiva, atelgada de realidade, de que a historia de Espanha non se continuará. A sua interrupción e algo que forzosamente ten que sobrevir. Pra que elas sexa estamos nos, os nazionalistas de todalas nazionalidades ibéricas, os homes pertenecentes a todolos ideaes honrados, todos aqueles, n'unha verba, que frente a autuazón dos partidos turnantes, dos veilos e presidiabres partidos históricos, souperon sentir, non solo noxo e indignación fonda, sinón tamen arelas de destrucción, desexos de un procedimento radicalíssimo e decisivo. A historia vergofiosa da Espanha unitaria non pode seguirse. E perciso interrumplir, e interrumpirase. A sua continuación significaría o reanudárese da orixa verdadeiramente escandalosa das oligarquías; a despozoazón compreta do territorio peninsular; a consagración definitiva do analfabetismo como cualidade pra mandar; o esmagamento dos vitalismos propios de cada nazionalidade e a sua supeditación a tiranía africana do simplicismo central; o illamento de Europa; a indixenza mental, a tralla e a incultura erixidas en normas de goberno e, derradeiramente, o patio de Moncloa elevado a categoría de espello

de bon goberno, e de boa administración. Todo isto e molto mais significaría o que tales xentes continuaran a historia de España.

Falaban os casteláns axuntados en Burgos das pertenencias sustentadas por algúns de boral-a realidade. E nós afirmamos resoltamente que contra d'ista noxenta realidade é contra do que vamos. Non fáguelo el sí sería suicida, atentatorio contra a propia esistencia. ¡A realidade actual! Bandas d'oligarcas; mesnadas ladroeiras de señores organizados pra melhor facuere a espollazón do patrimonio común e ainda as veces do particular; gavillas de políticos sin concenza atentos solo o seu medro persoal, sin más bagaxe no seu haber que as armas innobres da zancadilla, a deslealtade, a propia comenza o lucro persoal e a traición, todo elo envolviendo pola cobertura axelada d'unha ignoranza enciclopédica e d'unha immoralidade refinadísima; unha uniformidade xéllida, abratante, de páramo i-estepa, dominando toda a vida española; rexións vivas plenárias de enerxía vital, forzadas a acomodarse a sua esistencia á esistencia lánguida, esvalda e agunizante de terras moribundas; e á beira de todo iso, e como fondo axelado, un pobo inclívil, na sua maioría, fallo de todo, carente de todo, sumido na más abyecta das ignoranzas e cada vez más abandoado, famélico e perdi-do. Ista, ista é a realidade actual. Ista é a realidade contra da que non quere que se vaia a laberqueiría política que nos ven desgober-nando. Ista é a única realidade sóbora da que pode autuare a canalleira oligárquica que re-presentan os velllos partidos de turno. Desfelta, transformada a tal realidade, os nefastos partidos morrerán por falla de ambiente no que, a sua autuazón vergonhosísima, polda des-arrollárese.

A España histórica, ó decir dos representantes das diputacions de Castela, non se resigna a morrer. E como non se resigna a morrer é perciso matala, asesinala vilmente. A sua morte traguerá a inclinación de algo superior, de algo mais grande e lexítimo: a Iberia areada, nova, sin lixos, alba e branca como un armiño, atelgada de libertade, plena de areñas xu-veniles i-en disposición, xa, de faguer a unión, a xuntanza estreita e íntima con Portugal.

E unha vez más, como na vida dos individuos, xunto a morte da España moura e fíela, erguerase á vida, trunfante, arroladora, decisiva a Iberia tanto tempo desexada. E d'iste xeito o extremo occidental d'Europa deixará de ser como un estorbo dentro do concerto mundial, pra convertérese nun autor esencialísimo de progreso e de exemplariedade política e cívica-diana, n'unha verdadeira escola de civilismo, dentro da futura liga dos Estados. Y-estónces, estónces si que será chegado o momento de que a futura Iberia encomenze a sua historia, unha historia gloriosísima, na que os feitos de armas non illexen o brillo d'úthas espléndentes luchas lucruentes por un maior progreso e por unha mais grande fraternidade.

R. VILLAR PONTE.

## TERMEMOS DA NOSA LIBERTADE

### As coveiras provincias

#### non teñen voz nin voto

O señor Reino Caamaño foi encarregado pola Diputación provincial da Cruxiña para dirixirse ás outras de Galicia con o ouxeto de facer en todas unha Asamblea respecto á cuestión da autonomía.

Contra esa Asamblea—de chegar a ter efectividade—protestaremos rexamente todos os gallegos consciente que xa somos muitos, endeben.

En primeiro termo coidamos que non son as Diputacions provinciales—niñas galegas, niñas castelás—as que poden optar en este pleito. Elo equivalería a sustentar como boa a teoría de que é posible ser un organismo xuez e parte nun asunto.

Coa autonomía que piden os nazonalistas catalás, vascos e gallegos, o mesmo que os rexionalistas andaluces, ven a supresión, o acabamento das Diputacions provincias. E ¿cómo os elementos que forman las Diputacions, atentos aos intereses creados, por instinto de conservación non teñen que manifestárense opostos á autonomía integral?

Percíxase unha cegueira grande no Poder Moderador para que iste tomara—como algúns dixerón—por fonte limpia d'informe autorizado o testimonio d'unha Asamblea de Diputacions. ¿Ninha Asamblea socialista para tratar da supresión da propiedade privada sería lóxico darles posto aos propietarios burgueses? Pois o caso no fondo é o mesmo.

Aíemais, representan ao pobo as Diputacions provincias, salvo algunas catalanas e vascas? ¿Non sabemos ben todos, todos até os mesmos que defenden por consecuencia persoal, que aqueles organismos son os que anulan as eleccións municipais nas que os caciques saen derrotados, e os que acollen no seu seio a todos los alcaldes e segredírios rurais para premiarles seus servicios aos amos, e os das trampas das quintas, e os dos estómagos amolecedores do morillo, e os dos homes que entran sin branca e saen mercando casas de millós de riás, e os dos causantes de tragedias bárbaras como algunas da noa terra?

Falando en xeral dixera Joaquín Costa que merecían o nome de covas de ladróns.

Pode, pois, o señor Reino Caamaño, que deixou—él saberá por qué—a serla investidura de xuez polo fateo arlequinesco da política partidista, feita con zurcidos de escravidão rural, amafiar tanto queira iso da Asamblea dos diputados de recto. A comedia e finita. E entr'o ambiente de Santa Comba e o espírito dos galeguistas, acugulado d'amore a libertad a cultura e ao progreso, abrese un abismo que non se pode cegar dun xeito mui doado.

Contra o amasio das Diputacions caquías gallegas odiadas polo pobo, erguerase o pobo entero, levando por cabezoleiros os concellos da Cruxiña, Ferrol, Tuy e a Estrada, todos os partidos democráticos e todos os galeguistas,

cantos, nunha verba, pidiron, conscientes do seu deber, a autonomía integral para Galicia.

Contra a ficción orgaízase a realidade. Porque a hora de redimirmos aos escravos gallegos, que son muitos, e son xa os únicos d'Europa, chegou endeben. E o pleito da nosa santa libertade e un pleito internazonal. ¿Qué galego díno non quere que Galicia se governe a si mesma?

¡Fora os caciques farsantes! E hora de darmos o salto para incorporarnos a Europa; para entrar no concerto das terras libres.

## Prosas galeguistas

V

Tefio antr'os meus papeis unhas *Crónicas de Galicia* publicadas en 1912 polo Unamuno. A que tefio diante está cuaseque toda ela feita con clás. E que na y-alma fera do adorador dos sanguíneos Cristos españoles non podía entrar a nosa natureza de tan patente pagán... Y-entón houbo d'acudire a Oliveira Martins y-a Rosalía.

O rexo Mestre de Salamanca non ten madeira de pintor impresionista. Esquecece de que Claude Monet excluiu da sua paleta as tintas mouras, e na do Unamuno, ás pardas da terra quemada de Castela, ás amarelas do carbon dos outos fornos de Bilbao. Eisi fan boas augartintas, e carbós, y-hastra sanguiniferas, mais como xa dixerá Taine, se nas que o gran Rubén chamara *terras solares* abundan os matices febles do pastel, as *terras de bretema* com'a nosa, percisan o ólio manexado por un temperamento de colorista.

O Unamuno recoñóceo, ó decir qu'o noso paisaxe e más musical que pictórico. Y-e certo: é un paisaxe de sinfonías whistlerianas e de policromías ó Monet. Por eso, o autor do *Rosario de sonetos líricos*—que é en España o Mestre d'unha escola poética qu'eu chamei o *pedestrismo*, e qu'un meu amigo qu'estudia pra crítico fal vir de Walt Whitman na—houbo de topar pra falar da nosa terra expresións francamente líricas, sen por eso comprender a saudade tónica da sinfonía eterna da campía galega. Vese com'o seu espírito se retorce e s'acongoxa pr'advíñar.

Di que nos falla fóigo épico e rexo impeto dramático—non leeu ó Cabaullias?, no leeu *Romance de lobos*?—por qu'el percisa reciedumbre, percisa brutalidade, y-ou nos atopa d'abondo a elegancia provenzal...

N'esas impresións do Unamuno ves'a falla de simpatía, non por nada, senón por antipodismo espiritual. El quer'homes pouco sociables, bravos coma toxos, que cada un sexa *nada menos que todo un hombre*. Terra y-almas coas espinas de punta pra fora. Eisi estendré o espiñolismo.

Sempre foi un dos monomaníacos contr'o rexionalismo, igual qu'o Royo Villanova, e como iste, y-a pesar de que debe ó pensamento catalán, ó Maragall especialmente, sinte o odio ese ós catalás qu'en todalas mesas de todos os cafés da España s'envolve nos tópicos ben sabidos do egoísmo comercial e da protección arancelaria. Hastrás más grandes mentalidades dan estes tumbos.

Nós creemos que sen seren libres non podemos dar o mellor que temos á vida española. Se nos matan a nós a vida nazonal, que vamos levar de noso á civilización ibérica? Nós creemos qu'España está viviendo do espírito noso, dos homes do Norte. O mesmo Unamuno e un exemplo. Sen pintores vascos, sen

Literatos galegos, sen mûscos catalás, que representaría a España no mundo civilizado? Nós creemos por riba de todo, no noso díreto a seren como somos y-a seguirem o noso camiño.

Mais o Unamuno quería supremacia do espírito de Castela, quería unha España castelá, somentes castelá, cecals porqu'el acoubou ben en Salamanca, ond'hastr'o fixeron concaxel. Pero namentres nonos demostró a superioridad espiritual da terra parda, nonos atopamos dispostos a seguirlo por'ond'il vai.

E pra facela demonstración tragueran os a conto a inspiración pedestrista de seus poemas.

## VI

Unha das cousas que pense de nos o Unamuno e qué se nos perdeu a nos pra sentirren esta eterna e fonda saudade. E colda que foi a Atlántida o que se nos perdeu. Pois non sei se irá tan descamifia lo. O Porteiro que foi o mais fondo interpretador da morrifa, tivera xa esa intuición. Cecals se nos decretou na misteriosa xeometría do ceo a reconquista d'unha Atlántida espiritual.

A morrifa, a saudade, é unha aspiración infinita, é a sede das augas seu velra do oceano d'estrelas, é a sede de Deus... D'unha manelra elsi interpretana en Portugal Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Veiga Simões. Non pedía eu unha estética pro noso arte? Leede a *Atlántida* de Lisboa. O saudosismo foi descuberto á Francia por Philibert Lebesgue no *Mercure y en Cataluña* coñéceo ben Rivera i Rovira. E nós andamos ainda en Egí de Queiroz y en Guerra Junquel. Parecemos ignorar qu'entr'xes y-os d'agora houbo os *nephilites*, y Eugenio de Castro ó f'ente d'eles. A maioria de nós sigue pegado ó oitocentismo.

Y-eu digo vos que se non somos d'hoje non somos nada. Se a saudade nonos leva a crear tempos novos deixando atrás todo o feito, pra qué traballamos? A saudade e tamén a sede

do mañan; a sede d'ese mañan de libre irmandade, irmandade de creazón...

Se vamos a crear a Galicia debémola crear pr' exemplo de todos os pobos da terra, ergüela mais no futuro que ningunha nazón da terra; hemos de fazer d'ela a creadora do porvir, e xa qu'está asomada ó Atlántico, onde cecals se fundiu a sua terra nai, tagámola fita com'un Hermes, sinalando o camiño dos pobos da Europa, e mais ainda os d'América ora que cando cheguen, vexan elqui todo o qu'a Europa é e se podan volver sin agardar ver nada mais de novo.

Namentres qu'os estrangeiros se non vexan forzados de deprendelo galego pra vir estudiar elqui as normas dos tempos futuros, non teremos os galeguistas díreto o sono por cansos qu'esteamos. Y-agora mesmo, non pensedes que teremos feito nin migas, namentres as derradeiras publicacións estrangeiras se non traduzan o galego denantes qu'ó castelán.

## VII

A nosa literatura actual—toda ela, pero mais a esquirla en castelán—sofre de duas doenças que fan ver como é o seu xelito: unha e sensibilidade demais, hiperelesiada, morbosía, y-a outra e o preciosismo. Non sei cal é a pior. Xa non quero falar d'un fato de rapaces que se queren imitar a Vargas Vila, porqu'esa escola dame noxo. Fan versículos altisonantes cheos de letras grandes e que finan con punto e coma. Ninguen se lembra xi no mundo d'sas parvadas.

A hiperelesiada sentimental é cousa da nosa raza. A grande Rosalía túvoa ben enrabechada, pero n'ela estaba ben, y-anqu'era muller, sentíase forte e ben forte cand'era perciso. N'ela estaba ben tanta sensibilidade, mais n'os homes xi me non gusta. Algúns próximos tan layentos e lamentosos que chégans amaricar. Y-elsi a nosa raza da unha sensación de pouca forteza. Entendámodos: sentilo e unha superioridade—canto más sensibilidade, mellor;

quer decir mais refinada natureza—mais non hai que déixalo comprender. Sentilo e unha superioridade; vencelo e unha superioridade muito maior. Como que hai toda unha xinasia do espírito pra conquerir esta derradeira superioridade: a que se chama *dominio de si mesmo*. Ven a sere o que distingue o carácter inglés, esa loubida impasibilidate dos gentlemen.

Non creio qu'o preciosismo galego vefia como pensan algúns, da sobria preciosidade do estilo de Valle Inclán, que somentes se sinte barroco nos versos de *Cuento de Abril* e da *Marquesa Rosalinda*. O preciosismo non denota un gusto moi fino; mais ben respond'a unha psicoloxía de señorito feito a presa que non pode pasar sen cadea d'ouro con pendentes, sen sort'xs con pedras ou cús de vaso, e seu clavillo na cravata. O preciosismo e unha camba tan sinxela, tan lucente com'os tatuaxes das tribus primitivas. Denota pouca complicación no espírito. Os preciosistas son almiñas, almiñas de neno...

Eu penso qu'o preciosismo foi o que nos deixou a influencia provenzal que deu nacemento á nosa literatura. Foi senos o santo o ceo, e ficou nas nosas mans o manto de tisú e d'ouropel con qu'ó vestiran as fillas de María... Se tiveramos inda a y-alma dos nosos poetas cortesanos! Fal pouco andaba coesas cousas as voltas o Perez de Ayala, e lembrone qu'eu me non atopaba conforme co-quel decía... Claro que demais, de dito o que dixo Nietzsche da sinificación dos poetas-cabaleiros da Proverza, xi nadie fica por decir. O que fixo Perez de Ayala era bo de ficer. Y-o qu'eu fixera tamén.—VICENTE RISCO.

## Peneirando...

No pitísmo xornal compostelán *Diario de Galicia* vímos un artigo d'un sñior Varela-migas fora—no que, autre cousas de molta

## 7) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Crux, polo seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

Conde Ramón de Borgoña, padre do noso derradeiro rey. Así tuvemos unha brillante préyade de poetas sendo o seu centro Compostela, e os nomes de Afra Nunes, Payo Gómez Charino, Bernal de Bonaval, Martín Codax, Abril Peres, Pai da Cana, Pero Meogo e outros moitos, inorados centos d'anos, son hoxe honrados como merecen dende a descuberta hay poucos anos do *Cancioneiro da Batizada*. Os mesmos reis como Alfonso 9 y Alfonso 10, usaron o gallego, e logo estendense tanto que era tan estudiado como é no día, entre nos, o francés, posto que hasta os estrangeiros versificaban nel coma o conde Rimbalde de la Vaqueira, mais conociólo por Rimbaldo de Vaqueiras, e que moitos cuidaron gallego pol-o derradeiro apellido, e fai mais o gallego, chega a ser oficial e a usarse nos instrumentos públicos outorgados en Galicia. Daquela foi cando floreceu con toda ouzanía o romance gallego; pero a literatura gallegiana tiñou a decair c' o a introdución da danésca e petrarquesca na España, mais un feito político, a tendencia separatista, suscitou un fervor literario como manifestamento da sua individualidade, e xurden novos poetas que con Macías & ca-

beza, reaxen contra da imitación do lirismo italiano. Moitas cidades de Galicia abrazan o partido de Fernando de Portugal contra de Enrique 2º de Castela, na esperanza de alcanzaren sua independencia; perdida a causa, moitos fidalgos gallegos tiveron que fuxir a Portugal, e entre eles iban notables trovadores dos que descendieron outros non menos ilustres, cuyos nomes locen hoxe no Parnaso portugués. O nome de Macías chegou a se tornar sinónimo de apasionado pol-a sua trágica morte e pol-a tenrura das suas cantigas. A par d'él brillaron outros, que, ainda que non eran gallegos, preferian o noso idioma ao propio d'eles para versificar, e viviron nos siglos 14 e 15 como Villasandino, Santa Fé e o Marqués de Villena. A prosa tamén tiña cultivadores como pode verse pol-a tradución de *Crónica Troyana*, que fixo Fernan Martís, capelan do señor de Andrade, en Pontedeume, e que hay poucos anos editou o distinguido escritor D. Andrés Martínez Salazar, prestando a literatura e lingua gallega un grandísimo servicio.

Antonio e Miguel, inventan o papel de fio, e en Santiago o insíño dos idiomas tomaba gran voo, porque ali concurrián pelegríns de todal-as partes do mundo, e nos confesonarios da Catedral vianse letreiros indicando a lingua que entendía o sacerdote que nel confesaba. Homes eminentes continuaban ilustrando a Galicia. Fray Pedro Fernandes, gran pregador e historiador; Fray Gonzalo Balboa, teólogo e canista, en tanto a pólvora era usada contra dos irmandinos, e mais tarde o conde de Monterey introduciu a imprenta no noso antiqui-

simo reino. O estado social tomaba novos derroteros. O feudalismo daba as boqueadas e c' o descubrimento da América toma Europa un novo giro. Galicia perde por completo a sua personalidade xurídica e Fernando 5º prohibe o uso do gallego nos documentos públicos acabando así por depronto c'oa nosa literatura que tardará catro siglos en rexurdir vizosa. Multiplicáñase as fundacións piadosas e as de centros do insíño facéndose notables nas derradeiras, Marisa e Fonseca, e o amor á difusión da cultura chegaba a castigar con tres anos de desterro aos veciños que non mandaban os seus fillos á escola ao cumpliren a edade de seis anos, como acontecia en Mondoñedo, según consta das ordenanzas d'aquela cidade, de 1560. As expedicions ultramarinas pónense de moda e aventureiros e navegantes largan a reo de Galicia. Xan de Novoa, descobre a illa de Santa Elena onde había de morrer solitario o Capitán do século. Xan de Grixalba, descobre México, Pedro Sarmiento da Gamboa determina a lonxitude no mar sendo o primeiro que cruza o estreito de Magallaes c'oa proa volta ao noso hemisferio, e cando Tomé de Sousa vaya fundar San Salvador, topárase con Diego Alvares Correa, casado coa formosa india Paraguassu que tomara o nome de Caramuru, tan sonado dende daquela e serviralle de interprete e de guía na fundación das prósperas colonias do Brasil.

Os Peres das Mariñas, homes insínes de goberno, dan leis aos indios e acometen grandes empresas e viaxes marítimas, e hasta unha nobre señora,

enxundia, díxose algunas tan graciosas como ista: «¿Cómo voy a reconocer la existencia de ese espíritu nacional en mi tierra, si aun me cuesta trabajo encontrar su espíritu regional?». Non hai que abalarse por tal afirmación. Xacobilho é molto Xacobilho e, polo mesmo, pra él non a fala; nin os costumes, escezonas e peculiarismos; nin a música, tan soberanamente nosa; nin ningunha das modalidades xenuinamente espirituales con que Natura nos dotou, son d'abondo pr'a afirmazón d'ut'ha espiritualdade tan siquera rexonal.

Ben, home, ben. E si isto é de tal xeito, daquela nos seremos casteláns ou asturianos ou outra cousa calques, mais non galegos. Era o que nos fallaba: que na terra houbese desleigados que ate a nosa persoalidade espiritual como galegos, nos negasen. Mais tal dito non debe estranhar. Quen tal dí colda que a todolos galegos lles pasa o que a él: sendo nado, por disgracia, n-esta terra, ten mais, moltísimo mais, de jacarandoso e balo gaditano que de barudo fillo de Galicia, e d'ahí o seu erro, conseconza direuta d'un subxetivismo agudo e d'un narcisismo imparabolbre.

\*\*\*

O mesmo artigolista di nas líñas que escribe no pío xornal a que aludimos, que era moi certa aquela diferenza que el sospechaba estíntente—ah p'illinal—entre nazionalistas e rexionalistas. E tan certal Como que hay tipos que

endexamais poderían sere o pírmelro, e conste que non hai alusión.

Pra sere nazionalista hay que sere espirto forte, renovador, inquieto, ateigado de santa rebeldía e de un patriotismo escrusivamente galego. Tales condizóns non poden dáres nos espirtos dos señoritos valdeirinos e hocos, fallos de masculinidad, e isto da masculinidad é unha condizón sine qua non pra qu'as cualidades nomeadas frolezan.

\*\*\*

A concenza da nazionalidade galega solo esiste, hoxe por hoxe, nos escolleitos, nos intelectuas no senso riguroso da verba, nos limbos de corazón e de espirto. Mais non existe ainda, nin poderá existire endexamais, nas mentalidades anacrónicas dos científicos de ultratumba, carauterizados pola flexibilidade do seu esplíñazo, inda que s'hachen traducidos o alemán. E agora, quen queira enxergar que enxerga...

\*\*\*

En Galicia non ficou matado nada; mais nos coldamos que axilia ficarán matadas moitas cousas, entre outras a lenda grotesca dos prestixios prestixiosos porque si. O nazionalismo ten de dare en terra con todolos valores falsos. ¿Como abalarse pols, de qu'os infresados o combatan, si non fan mais que responder a un impulso instintivo?

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO  
— DE —

M. Losada Prado  
A CRUÑA

— Adeus, Fuco.  
— Adeus, Xan.  
— Pra onde vas.  
— Bouche pr'a casa do noso irmán, A. Gude, a Rua Real, 59, 1º, a faguerme un fraxe d'aqueles qu'él fai fanbos e xellosos.

## FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

— DE —

## ANXEL SENRA

Rúa Xuan Flórez

Depósito: Cantón Grande, 15  
A CRUÑA

No xornal laberco *La Voz de Galicia* fálase de «Fermosinda», novela da que xa teñen nova os nosos leitores, d'un xeito que non ollamos endexamais ni aquel xornal, vaselino e cobarde, carauterizado, percisamente pol o digo non digo de todolos seus xulzos.

Non cabe dúbida algúnya acerca do motivo que orixinou tal saída de tono. O hachárase esquita ro idioma patrio a novela en cuestión, sacou das suas casillas o mesurado, ecuánime e sabio crítico da *Voz*. Aquel feito amostaba ben craramente unha certa relazón do autore de «Fermosinda», cos nazionalistas, e os nazionalistas son pr'o xornal astorgán o que a cruz pr'o demo.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

## Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rexenerador ROSTRAM pra os animais debiles, pra que as galifas poñan mais hóvos, etcétera.

Pídanse prezos e condizóns a

Fernández, Fano y C. — A CRUÑA

## GRAN FONDA

## Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO  
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosechellos elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

## José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2º piso.—A CRUÑA

Faise cárrego de todas as  
cargas de traballos gráficos,  
en imprenta, litografia e fotograbado,  
ansi como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

Teléf. 434

BARREIRA, 7

A CRUÑA

**Fillos de A. Barceló (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosechelros, esportadores de vinos seletos da Espanha, oxén, anisados, ron, cofiac, etc.

Son os únicos donos das marcas de molto creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

—DE—

**RAMOS E ACEA**San Andrés 94.-1.<sup>o</sup> — A CRUÑA

Estabreclimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeción e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclos e fríolos de todas clases.

*Nota:* N'este estabreclimento atoparás o púbrico un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

**NAZONALISMO GALLEGO**A NOSA AFIMACION REXIONAL  
(2.<sup>a</sup> EDICION)

Llibriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opiniós de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Cañares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.—Os pedidos faránse o autor, no Rego d'Auga, 4-1.<sup>o</sup> — Cruña.—Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo a mitade do prezo señalado.

**GUERRA AOS CALLOS!**

Callos, Sabaños e Ollos de galo  
cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Frabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez  
Representante: Manuel Sánchez - A CRUÑA

De venta n'as boas Boticas

**Obras portuguesas en portugués**

As milores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camões

Tamén as principaes de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.<sup>a</sup>

RUA REAL, 49.—A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

—DE—

Ramón Morandeira

Este espródigo establecimiento, situado no no mais céntricos da poboación, axentado á eutura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadys habitacions, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o exxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeloso, e que lle coste pouco dñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**MONTERO E COMPAÑIA**

Oficina téctica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12 — Lugo

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTÚA, Inxenieria

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proyectos e construcións

PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

**ESPECIALIDADES**

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anémia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

**RAYOS X**

Gabinete Iisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Urense, 2-1.<sup>o</sup> (esquina a Picavia)

A CRUÑA

**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

*Servicios directo desde o porto da Cruña*

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.  
Veracrus

Ptas. 298·60  
313·60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.  
Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

**NOTA.** — Que jan sin e'eito total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

